

**ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN PARA UN CONTRATO PRIVADO DE ARRENDAMENTO NA SÚA MODALIDADE DE ALUGUER SOCIAL DE FINCA URBANA MUNICIPAL, MEDIANTE CONCURSO, PARA USO COMO VIVENDA NO TERMO MUNICIPAL DE PONTE CALDELAS.**

Reunidos no concello de Ponte Caldelas, con data 23 de xuño de 2015, ás 13:30 horas, procédese á constitución da mesa de contratación convocada mediante acordo de Xunta de goberno de data 22.06.15, conforme á composición da mesma, sinalada na cláusula 6ª do prego de cláusulas administrativas que rexerá o procedemento de licitación.

Asisten á mesma as seguintes persoas:

**Presidente:** O Sr. Alcalde, D. Andrés Díaz Sobral

**Vogais:**

D. Jacobo Barreiro Pimentel – Secretario do Concello.

Dª Maruxa Cabaleiro Cuiñas – Interventora do Concello

Dª Ana Mª Pazos Sánchez – Asistente Social do Concello

Dª Eva Mª Moldes Casal – Educadora Social do Concello

**Secretaria:** Dª Iria Fernández Peón – funcionaria administrativa do Concello.

Constituída a mesa, se procede pola secretaria da mesa á apertura ó sobre A presentado polo licitador, que contén o modelo sinalado no prego, anexo I, referente ós requisitos esixidos no prego para formar parte do procedemento esixidos na cláusula 3 do mesmo.

Tamén se procede a outorgar un número á solicitude en función do número de rexistro de entrada e que servirá para a elaboración da lista que será publicada na páxina web do Concello.

O exame da documentación da o seguinte resultado:

- 1) Licitador nº 2355 – solicitude completa.

Unha vez comprobada a documentación pola mesa e admitindo a proposición se procede á apertura do sobre B.

Unha vez revisada a documentación pola Mesa se da traslado da documentación ós Servizos Sociais para que emitan un informe e puntúen a proposición.

O Presidente,  Ponte Caldelas, 23 de xuño de 2015

Vogais, 

A secretaria da mesa, 